

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2014-2015-2016

OFICIAL ELECTRICISTA

QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA

RESOLUCIÓN RECLAMACIÓNS AO 2º EXERCICIO

Na sala de reunións de Servizos Xerais, sita no segundo andar da Casa do Concello, ás 12:00 horas do día 12 de novembro de 2018 reuniuse o órgano de selección encargado das probas selectivas para as seis prazas de OFICIAL ELECTRICISTA por promoción interna (dúas delas reservadas para persoas con discapacidade), incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2014-2015-2016, ao obxecto de estudar e resolver as reclamacións presentadas contra a realización e as puntuacións outorgadas no segundo exercicio da oposición.

Procedeuse en consecuencia a revisar as reclamacións presentadas por dous dos aspirantes con referencias (Doc. 180169222) e (Doc. 180169170) do Rexistro Xeral municipal.

A **reclamación con referencia (Doc. 180169222)** solicita a revisión da puntuación do seu exercicio na proba práctica baseado en argumentos que o tribunal por unanimidade de todos os seus membros procede a desestimar polos seguintes motivos:

No cadro eléctrico que realiza o aspirante falta a protección específica dos circuitos de alumeados e da bomba ainda que si existe a protección xeral, o que fai que non sexan correctos conforme ao solicitado na proba. Neste senso non procede realizar a proba das tensións de saída dado que o circuito montado non corresponde co requerido na proba ao carecer das proteccións individuais. Este cadro así montado non sería aceptable nunha instalación dunha fonte real na vía pública.

A proba non consistía en alimentar un motor e o alumeados a través dun reloxo, senón que o reloxo era o elemento de accionamento que debía formar parte do circuito de mando da instalación.

A puntuación do aspirante non dependeu da proba das tensións de saída da súa composición dado que a propia composición non era correcta.

A **reclamación con referencia (Doc. 180169170)** solicita declarar a nulidade do segundo exercicio por non entregar este exercicio escrito en papel e non poder o opositor reelelo posteriormente e aclarar as dúbihdas que lle xurdisen durante a súa realización.

O Órgano de Selección, por unanimidade de todos os seus membros, tralo análise da devandita alegación, acordou desestimála polos seguintes motivos:

As bases indican que o segundo exercicio consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos, ou a realización das tarefas que proporá o tribunal. Neste senso, o tribunal decidiu propoñer unha tarefa aos opositores que lles foi comunicada verbalmente ao inicio da proba, sin que elo supoña un incumprimento das bases da convocatoria.

A proba é totalmente práctica, ideada polo tribunal inmediatamente antes do comenzo do exercicio, polo que non existe texto escrito salvo as notas que o secretario transcribe no acta da

sesión e que corresponden co indicado verbalmente en voz alta polo Presidente do tribunal aos opositores. Estes teñen diante no momento de recibir as instrucións os elementos cos que contarán para realizar a proba e poden preguntar todas as dúbihdas que lles xurdan, tanto nese momento coma durante todo o tempo que dura a proba, dado que en todo momento os opositores estiveron acompañados polos membros do tribunal para resolver as dúbihdas que xurdisen.

Ao remate da proba, o tribunal comprobou o funcionamento da composición realizada por cada aspirante, e xustificando tamén nese momento os motivos polos que esta era ou non era correcta.

Polo Sr Presidente se dispuxo que se procedera á publicación do anuncio da resolución da reclamación ao 2º exercicio, contra a que poderán presentarse os recursos que en Dereito procedan.

Vigo, 13 de novembro do 2018

O Segundo Vogal e Secretario do tribunal
D. Julio Cores Cobas